



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA A CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS

O xoves día 9 de xaneiro de 2025 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto de Estudos do Territorio sobre as axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

PERSOAS BENEFICIARIAS

- As persoas físicas titulares dun ben inmovible ou ben sobre o que pretendan realizar algunha/s das actuacións obxecto desta subvención.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención as actuacións que teñan por obxecto a corrección de impactos paisaxísticos, en concreto:

- Restauración e/ou revestimento de elementos de fachadas que actualmente estean rematados con materiais ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, como fábrica de ladrillo, de bloques de formigón, formigón ou morteiro de cemento. Quedan excluídas de subvención, con carácter xeral, a substitución de carpinterías e cerrallarías exteriores, excepto en edificacións e/ou construcións de recoñecido valor, declaradas de interese cultural ou catalogadas.
- Remate ou renovación do acabado exterior de cubertas que, ben por estar rematadas con pranchas de fibrocemento ou solucións construtivas non axeitadas para quedaren á vista, ben por atoparse nun deficiente estado de conservación, constitúen un impacto paisaxístico. Non se subvencionará a renovación de elementos estruturais (soportes, vigas, etc.).
- Recuperación, restauración ou arranxo de muros de peche de terreos con pintura, morteiros ou chapados de pedra. Serán subvencionables as actuacións destinadas á recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais

CONTÍA DA AXUDA

O importe da subvención será do **70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 €.**

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do **día 20 de xaneiro de 2025 e rematará o día 19 de febreiro de 2025. As solicitudes de axuda resolveranse por orde de presentación.**

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 9 de xaneiro de 2025.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

